

# A NOSTRA GALIZA



Dr. Roberto Veloso Gomes  
Verbal 153  
Ramos Mejia F.C.I.

Ano XXXV — Núm. 488

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.979

FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

Bós Aires, 16 de Febreiro de 1954

## Castelao

Éis o nome que fai latezar o corazón de todo bó galego e que adquiriu contornos de símbolo. Catro anos van transcorridos do seu pasamento, e cada vegada axigántase máis a súa figura esgrevia, que representa toda a doer secular da Galiza e o seu fondo anelo de independencia.

Castelao, dende os primeiros intres da súa situación pública, tomou o viro que xa non abandonaría até a morte. Fustgador das inxustizas sociais e loitador, nos comezos, contra o caciquismo da nosa Terra, e logo contra o poder ausorbente do Estado, sempre estivo co espírito alerta para labourar a prol dos seus ideais. Endexamais se deixou enganar polas promesas e os falagos dos políticos que o quixeran xunquir ao seu carro. Dunha honestidade catoniana, rechazou toda oras de dádivas, tanto cando era disputado como despóis no exilio. Desexaba estar ceibe de compromisos para manter a súa liberdade de acción. Tan soio se sostivo fel aos mandados do seu partido, que cumpren como o máis homilde aliado. Néi non había nin baixa ambición nin orgulo. Galiza era a úneca estrela que brillaba no seu ceo; e por alcanzala, sacrificou a súa vida, sen un desmaio, sen nengunha claudicación, sen luxar a pureza do seu ideal.

O seu destino parecera que fora trazado por un deus incisorabel, que o dotara de todos os dones do xenio para cangalo coa cruz que acobarou a súa existencia, xunguido as suas propias doores ás da súa querida Terra. Foi o ben amado dos deuses; por eso sufriu o seu propio tormento e a persecución dos homes.

Dende aqueles días de xuventude en que no seu povo nadal escomenzara a dibuxar nun pequeno semanario encontra do cacique que asoballaba ás xentes, Castelao percorreu o seu camiño direito, luminoso, anque cheo de espiñas, que tan dramáticamente finou en Bós Aires, despóis dunha inmensa laboura literaria, artística, cultural e política, sobre de todo, política, que o converte, sen lugar a dúbida, na expresión máis acabada do sentimento galego. Ningún outro home encarnou como él o carácter da súa Terra.

Poderán atoparse outros que o superen en calquera das disciplinas nas que él se distinguiu; pero ningún haberá, estamos seguros, que nin siquera o iguala, no feito da identificación tan axeitada, que poida chamarse milagrosa, do seu ser co espírito racial da nosa Terra. Castelao é Galiza!

Ningún como él interpretou a nosa historia; ningún como él soupo escudriñar nas nosas tradicións, na nosa cultura, en todos os nosos feitos, dunha maneira tan orixinal e tan perfecta. Castelao abreu unha porta, nova e grande, para que por ela entren todas as esperanzas e todos os aneios que dende séculos pelexan por penetrar na nosa Terra.

No seu desterre en Badaxo, en València, en Barcelona, en Moscú, en Nova York, en Bós Aires, en calquer parte do mundo onde se atopou, él non verá máis que Galiza, non pensará máis que en Galiza. Toda, todo o que vive ao seu redor non ten para él outra sinificación que o punto de comparanza coa súa Terra, e servirálle para que un mundo de ideas brote en col do que se podería facer alá, naquela punta lonxana do Fisterre, cando haxamos reconquerido o noso chan, ceibe de alleiros, rexido por un fato de soñadores, anque con esperiencia de séculos, que se sinten con folgos para levalo ao máisimum de felicidade.

Así, ao mesmo tempo que recorria o seu calvario, no ánimo de Castelao iba surxindo a doutrina que, ao chegar a Bós Aires, cristalizárase no maravilloso libro de "Sempre en Galiza". Ningún hídno mellor poido idear Castelao para bautizar ao seu fillo máis amado. Porque, efectivamente, Castelao, dendes que tivo que sufrir a doer da espatriación, para él non houbo xa ningún consolo. A todas as horas, en todos os intres do día e da noite, a verde Galiza, cos seus pinos, as súas rías, as súas montañas e os seus vals de ensoño, acodía á súa maxinación para facerlle máis cobizosa a súa presenza. Castelao viveu como un sonámbulo ao traveso do seu pelerinaxe pol-o mundo, pensando únecamente nos problemas da nosa Terra, que chegou a coñecer como ningún, e na maneira de resolvelos. Foi un verdadeiro político, no senso máis amplo da verba.

E a este propósito temos que facer notar unha cousa curiosa. Hai unha chea de persoas que recoñecen en Castelao a un gran dibuxante, a un gran literato, a un gran pintor; pero non lle dan a menor importancia como político. Isto débese a que o nome de Castelao é tan popular en Galiza, enche tanto o corazón do noso povo, que non hai posibilidade de impedir que de él se fale e se comenten as súas obras. Entón, para restarlle transcendencia á súa acción demoleadora dende o punto de vista do réxime actual da Hespaña, Castelao é un bó artista, pero é un mal político. Deste modo non hai medo pol-a parte dos fanxistas, de que se diga isto ou o outro de Castelao, sempre que se afirme que de todo tivo menos de político.

Ben está que os nosos inimigos usen e abusen de tales artimañas para desvirtuar a situación do noso inmorrente guieiro e impedir que o seu nome sexa bandeira de loita e redención da nosa Patria; non nos estrana esa atitude, que debemos recoñecer que é intelixente; pero o que nos parece unha enormidade, por non decir unha traición, é que algúns que se tidúan amigos nosos caian na trampa, ou se deixen caer, facéndose os parvos, buscando cecais a paz e a tranquilidade para o seu espírito, ficando libres de louvar a Castelao sen temor a seren considerados como desafeitos ao réxime de tiranía que impeira na Península.

Todo o que se considere bó galeguista debe afirmar, por riba de todo, que Castelao foi o político meirande que tivo Galiza dendes que a nosa Patria se destacou como nación. E non dirá nada que non sexa certo. Asegurar outra cousa, é facerlle o xogo aos que queren minoigar a importancia de Castelao, por medo a que o seu nome se convirna no futuro en burro atroxador que, como as trompetas de Xericó, derrábe todas as fortalezas inimigas.

## Castelao, Patriota

Por  
BERNALDO SOUTO

No gregorexar do mundo grego, Castelao houbera sido un héroi epónimo, porque ele era capaz de darlle ser e nome a unha patria ilustre. No tempo e no país que lle toca vivir, é por vocación un patriota, como é e gostaba deñarse. As outras betas que garmen a súa personalidade impar, foron ausorbidas polo patriota e postas a disposición d-esta vocación singular. D-aquela calquer seicionamento que se intente da súa personalidade vai destiñado ao fracaso. Así, Castelao constitúese na primeira concencia da vida da nosa linaxe, len realizador consciente e cabal da nosa nacionalidade secularmente asoballada.

Efectivamente, Castelao ten por vocación a Galiza, i-en consecuencia, o conqueiramento da súa liberdade nacional é o fito arel do. A vocación que fai do home unha traítoira áhi na vida e nada do choque da intimidade da nosa concencia con algo (un ideal, un coñecemento un feito...) exterior transcende a ela, que a conmove profundamente até subingala i-apreixala na súa órbita como engadada. Dall non ceibar nunca o espírito d-ese home, porque ese algo é sempre irreductibel mais, entroques, esta vida terá acadado a súa verdade. Cando Castelao chega, é certo, xa o ideal de Galiza anda espallado pol-a nosa Terra gracias a voce intuitiva, pero vital, dos nosos poetas visionarios. De este asin comeza a liberdade dun povo. Até te nos, ollada despóis retrospectivamente, días encarnacións auténticas de Galiza, que Castelao abraugue e xunge: unha lexendaria, exebre, incontaminada, abstraída totalmente do mundo miserento circundante, encarnada por Pondal; outra romántica e popular, metafisicamente dorida de señardades, atal como a ollaba La encarnaba na súa hora Rosalía. No plano político e real, pouco se tiña concretado. Após do xesto meteórico e romántico de F. Ralido, o Rexionalismo de Brañas tan estimado por Castelao, era o único que sistematizaba, política e socialmente, en principio, os problemas da nosa comunidade diferenciada. En canto ao povo se refiere,

abandogdo á súa sorte d-ende longo, esquiñado i-ladraxado por un Estado inepto, seguía ignorando o seu ser i-o seu valer. Somentos o seu corazón vibraba ledizosamente cos cantos dos seus poetas benqueirados. N-eles compunzaba a ollar, ao fin, como en espellos máxicos e furtivos unha familiar i-entrañabel, perdida na lonxanía d-un tempo inasequibel.

Castelao, concencia viva de Galiza, traguía consigo xa identificación do seu ser diferenciado e intransferibel, e coa experiencia dictada pol-a hestoria, anfia enxerga u que a súa vida ficaba predestinada a unha grande tarefa: loitar e traballar, até o fin dos seus días, por revelar e dar liberdade ao seu povo. A súa concencia fora profundamente magoada e ferida pol-a miseria espiritual e material e que estaba sumida a Terra tan amada, a cal, esquecida de si mesma, daba fillos ilustres aos alleos que a roubaban La sometían negándoa. Non había outra alternativa: recriar o ideal herdado dos precursores; racionalizalo exhaustivamente para que en cada galego rexurdira a concencia do seu ser nacional esquecido.

Era necesario sacrificar ao escritor Lo patriota, pois Castelao entendeu que a primeira tarefa a emprender consiste en criar no povo a concencia galega. Con ela será posibel acadar a nosa liberdade, amplo preciso para toda cultura e para toda historia. Pro Castelao non se lanza a esa aventura totalmente. Asisteo unha gran fe no destino de Galiza. Se ben é certo que o povo carece dun senso nacional a súa personalidade fica instalada dentro d- unha xeografía irreductibel. A política hexemónica iashinista, secular de Castelao, apenas provocara algunhas deformacións superficials. A d-esta trista historia, de triste lembranza, que a nega, pasara ao marxe da súa vida como cousa allea aos seus ideais. Lo seu espírito, Castelao atopa o povo máis diferenciado e firme das

nacionalidades oprimidas da península. Un pove virxe conformado polo equilibrio da dualidade que compreta a fisonomía humán e que podemos asexar nos países que iron e son reitores; un pove de riqueza espiritualidade capaz de inmortalizarse. Castelao renega da historia, pero ten fe cega n-este pove.

Abogado á tarefa ciclopea da súa vocación Castelao abraugará n-ela tanto as betas esenciais do noso mundo interior, como todos os problemas atinxentes á nosa nacionalidade. Ahí fican espostos e deñados, dentro dos seus lindeiros, para as xeneracións vindéiras, n-unha prosa detada de caridade meridiana, de grandeza moral insobornabel e de elevación espiritual i-asuperabel; n-unha prosa a vegadas rosada de gracia e humorismo ou madura de sabiduría galega. Ademais, compre decilo, n-unha prosa de forza i-enerxía líricas non acadadas por ningún escritor i-artista galego no mareo península. No xenio de Castelao redive de novo o espírito de Galiza das súas dimensións. E deste xeito en boa hora, pónse fin aos tópicos literarios que padecemos longo tempo, mutiladores da nosa personalidade integral. Na obra da maxinación artística e literaria pode o crítico i-o lector agudos catadores de caracteres específicos, asexar a dimensión do ser colectivo de Galiza. Castelao non escribiu somentos polo íntima necesidade de votar ao esterior o seu pensamento i-a súa emotividade. Nin tampouco sentiu a coiza do artista puro na procura desacougada d-ambientes e persoaxes en épocas, cecais mortas, máis axeitadas ao seu gosto ou a intención de determinada produción literaria ou artística. Non, Castelao, impulsado pol-a doer secular de Galiza que choutaba nas súas veas, escribiu, dibuxou, pintou e viveu para ensaiar ao povo o camiño perdido de si mesmo i-o da súa redención. Ademais, deixounos identificado o noso ser, fundamento d- unha nacionalidade. Ningunha forza poderá desdibuxarlo. Como un héroi epónimo, a súa obra i-o seu exemplo será lénda; lénda que froitificará na nosa inmortalidade.

## Castelao Dibuxante

Por  
FIZ FERNANDEZ

Galiza enceta o século XX orfa de grandes artistas plásticos. Acurrunrada ao marxe das correntes europeas que ficaban en Madrid, parés ter os seus ollos postos no mar cara da América, non como unha esperanza senón mais ben quasi que un anelo de fuxir da cárcel ibérica. A súa paisaxe tan fértil en estímulos plásticos pros ellos do artista, contrastaba terriblemente ca realidade da vida que no seu marco decorría. O povo esmorecía a súa puxanza vital a-o compás da agonía do señorío de Linaxe. Era unha tarde longa, lenta, doce de amainado acougo do resplandor da raza cara da noite histórica que o parecía esperar con azos de o someter pra sempre á oscuridad perpetua das civilizacións fenecidas. Mais o miragto se produxo e o xesto de renascencia galeguista duns poucos privilexiados e beneméritos xenios patrióticos do século XIX atopa unha xeración remozada en que a concencia da galeguidade toma estado definitivo no povo, encetándose o máis importante intre a nosa evolución política.

Volviendo a-o tema devandito das artes plásticas, e máis concretamente á pintura e o dibuxo, o humanismo que procuraba exteriorizar o interior do artista pra interpretalo a xeite fácil comunicación cos demais espíritos ataba á súa personalidad a-o réxime social de xerarquia de clases, establecendo rixida disciplina que debían de seguir de mestre a discípulos como leises incisorabeis e inmu-

tables. Luis David, pintor oficial da revolución francesa, rexicida e terrorista, non venciou sin embargo a súa laboura artística co povo, a pesares de se nomear a si mesmo "o pintor do povo". Goya entroques enceta un período revolucionario postromántico no arte que logo seguiría surcando no espírito cada vez máis independente dos artistas, especialmente franceses. As novas ideas de liberdade liberan o espírito artístico dos canles clásicos, despreocupándose do mercado a soio procurando a exteriorización do persoal sentir. E así como o impresionismo primeiramente o fauvismo logo, e cada vez máis intrínsecamente subxectivo e persoal si-guen o cubismo, o surrealismo, como outras tantas escolas novas que nos van amostrando día a día posibilidades heterodoxas para moitos incomprendibles mais todas elas espresións do libre albedrio conseguido a-o menos en certos planos sociais.

Galiza pode mostrar hoxe a-o mundo e con orgulo unha chea de nomes como muneas alentadoras e como sempre algún deles a-o fronte das máis importantes institucións españolas: refírome a Fernando Alvarez de Sotomayor mestre na técnica, de sensibilidade realista como o paisaxista Juan Luis e Bello Piñeiro, Imeldo Corral e Fermín González Prieto, de

tendencia estos derradeiros realistas sentimental. No realismo académico os nomes de Armando Suárez Couto e Ricardo Camino. O matiz clásico dentro de esta escola realista conta con Díaz Pardo. A produción académica conta con nomes como López Carballo, Bermúdez e Prego Oliver. Por outra banda Arturo Souto verte nos seus lenzos as correntes parísinas modernas. Neste modernismo, Colmeiro e Maside co seu amor á terra e Torres namorado do mar. Mar que tamén atrae a-o surrealista Urbano Lugo. Na vanguardismo Palmeira, Lago Rivera, Mamposé, de Cebra e Luis Seoane, en fin Laxeiro, persoales e mañíficos todos. A muller tamén na Galiza deste século damos a única pintora hespañola galardoadada con primeira medalla na persoa de Julia Minguillón. Outras figuras como Carmen R. de Legisima, María del Carmen Alvarez de Sotomayor e Mariña Mallo bucean con acerto no campo do arte pra ledicia de elas e de todos nós que vemos en todo o que sexa cultura un esqueleto forte na estrutura da nosa personalidade nacional.

Como vemos o balance non pode ser máis promisor, mais decantémonos no percorrer de nomes que os seus méritos intrínsecos non chegan a ser, o que entendemos por xenuina representación da i-alma do noso povo; o que fai falla pra poderse nomear con xusta pretensión un verdadeiro artista galego. Como di Fernández del Riego: "Pódese ser excelente pintor en

Continúa na pág. 4

# Limpeza Necesaria

Si os reacionarios hespañoleiros e centraistas "colados de es-queño" na Federación de Sociedades Galegas e no periódico "Galicia" non nos houberan dado probas d'abondo da súa teima anti-galega e a cal vimos pondo de releve nos derradeiros números de "A NOSA TERRA", abandonaríamo a publicación dun artigo que coa firma de B. D. González, aparés no número do 15 de Xaneiro derrodeiro, adicado "según eles" a lembranza da memoria de Castelao.

Como é doado observar, en todos estes raposeiros "seguidores da liña", a falacia hipócrita e confusionista é a característica diste "rábano", que ten nada menos que a ousadía e o atrevimento de pretender por en dúbida o vaor positivo, patriótico, da obra de Castelao.

Certamente que non encetamos iste comento movidos pola necesidade de defender a obra de guieiro galeguista diante das lucubracións "dirixidas" diste señor Gonzalovich, un calquesa, por moi ben que sepa interpretar a "ortodoxia" dos campeóns do "unicatismo", servíndolles de amanuense.

Castelao é unha estrela no ceo da nosa patria i-ás estrelas non poden chegar os que arrastran a diñidade humana, pónlose ao servizo da tiranía e de nacións alleciras.

Pro non podemos aturar en silencio o estado de sometimento en que fica unha importante entidade galega, convertida en cabeceira de ponte da infiltración centralista e reacionaria na nosa colectividade, e o seu periódico, un voceiro galego, pagado por galegos, pra defender os intereses dos galegos, posto ao servizo dos antipatriotas, dos reacionarios centralistas que coma o cuco veñen poñer o ovo en niño alleo pra que outro lle lo crie.

As páxinas de "Galicia" representan de cote un aldraxe pra nosa diñidade patriótica de galegos e democratas, e coidamos que vai sendo xa hora de que os federados non "dirixidos", que son afortunadamente a caseque totalidade, procedan coa enerxía que compre pra limpar de "bichos coorados" o corpo da Federación e do seu prestixioso voceiro, unha elemental higiene societaria así o ven reclamando.

# Faleceu D. Pedro Campos

A idade de 83 anos, deixou de existir no Sanatorio do Centro Galego o día 10 do derradeiro mes de Xaneiro, o prestixioso membro da colectividade galega D. Pedro Campos Couceiro, causando o seu pagamento un ha fonda e doerca impresión.

Era a de Don Pedro Campos Couceiro unha das máis queridas figuras da nosa colectividade, non somentes pola longa e meritoria actuación que no seo de diversas entidades foi desenrolando, senon tamen pola reitude pola constancia e pola nunca desmentida honra do su espírito de patriota galego, adicado a labourar con rexedume exemplar polos dereitos de Galiza. A lingua, a cultura, as liberdades do noso povo, tiveron de cote en D. Pedro un varil e axeitado defensor, que tanto no xornalismo como na tribuna e nas distintas comisións que lle tocou xituar, interpretou con fidel patriotismo os verdadeiros e irrenunciáveis dereitos da nosa Terra.

Don Pedro non tiña nemigos, pois até os seus adversarios políticos tiñan respecto pola súa figura petruca, felo puxóse ben de releve no aito da inhumación dos seus restos na Chacarita, onde perante numerosa concurrencia, falou o Presidente da Irmandade Galega, Dr. Fiz A. Fernández, pondo de manifesto, con verba elocuyente, as grandes virtudes que adoviavan a D. Pedro e o valeiro que a súa morte deixaba nas fileiras galeguistas, ás que pertencía Aseguido falou Don Daniel Calzado, Vicepresidente do Centro Galego, quen tamen destacou a súa patriótica laboura. Fechou as oracións fúnebres o Segretario do Consello de Galiza Sr. Antón A. Ríos e cuílo elocuyente discurso, oferecemos os seguintes capiduos:

"O Consello de Galiza intérprete fidele da Nación Galega, ten de chorare hoxe, mañán e decote, a perda do noso patriarca, don Pedro Campos Couceiro.

Nado na parroquia de Meab'a, no Municipio de Montes; ali dende neno, affixose a ollare a outveza do Candán, apuntando cara o ceo o seu curuto xa verdecente i-amarelo, xa branco, asemellando belido dolme xeolóxico, adobiado con un manto de neve. Os ríos Umia e Lérez, teñen tamén ali a súa enez i-a súa mocidade, e, tras de gatearen latexando, conquiren pulo de rapaces pra baixar cara as terras de beirmar orquestando no seu camiñar un himno de protestas e rebeliñas. O Lérez i-o Umia levan o mensaxe da Terra galega ao mare galego. E ali, nas rías de Marín e Cambados, o noso mare escolta a vos profética do Candán. E o noso mare alporízase e sente vergoña de deixarse amolecer no agarimoso coilo da ría

Don Pedro volta a Buenos Aires. Sin interrupción en forma simultánea aitúa don Pedro no Centro Gallego, na Federación de Sociedades Gallegas, na Orga, en varias entidades locais, fai campaña periodística nos periódicos "El Respetar Gallego", "Galicia", "Umia y Lérez", i-en distintas revistas. Na Federación de Sociedades Gallegas chega a desempeñar o posto máis outo, de Segretario Xeneral. Fai un viaxe a Galiza etoma parte na campaña autonomista e preside a programación do Estado Galego en Compostela. Volto a Buenos Aires incorpórase de novo ás actividades colectivas, contribuíndo á fundación da Irmandade Galega, na que aitua sin interrupción, chegando a desempeñar os primeiros postos. Colaboranos periódicos "A NOSA TERRA" o "Opinión Gallega". E chega a sere a admiración de todos pola súa constancia, firmeza e reitude. Don Pedro non falla nunca ás xuntanzas; faqa frío ou calor, forme ou non parte da xunta, don Pedro está decote presente pra traballar a prol da rdenación de Galiza e pra limpar de infamantes aldraxes o seu sagro nome.

De certo, é unha grande pena que quen tan fondo sinteu a Patria Galega e que tan varilmente loitou pola súa liberdade, teña de cerrallos ollos sin vela ceibe. Ben merecía don Pedro levar no seu espírito a garimosa dozura de ollar a unha Galiza sin cadeas no corpo e no espírito; ben merecía don Pedro ollar o voo da alma nacional galega, recorrendo ceibe e por propio esforzo as rexións do espírito e da creación; ben merecía don Pedro ollala rispada do duro molde da cultura catalán que a ten apreixada a tencionada afogala. Mais xa que iso non lle foi doado, sirvalle de alivio e consolo a certeza de que, tarde máis, tarde menos, a Nación Galega terá de ser un día ceibe e, dise día pra diante, dona absoluta de seu corpo e de seu espírito. E que nós os patriotas galegos, de país e fillos e netos loitaremos sin acougo deica esgazar a camisa de forza do Estado Hespañol.

Nós non-os despedimos de don Pedro, Don Pedro seguirá decote conosco. Il estará nas nosas xuntanzas. Nós verémolo decote á nosa beira. O seu corpo apousámolo agora eiqui, entregado ao agrarimo dista Terra argentina, patria dos seus fillos, que choran a súa perda e sintense orgullosos de seren fillos d'el, dista Terra que don Pedro tanto amou e que todos nós tanto queremos".

As afervoadas verbas do señor Alonso Ríos produxeron fonda emoción nos ouvintes.

Dende istag columnas facemos chegar aos deudos de Don Pedro Campos Couceiro, a máis quente expresión da nosa pesadume.

## Agasalouse a Antón Gómez

O vernos 29 de xaneiro ppdo. agasalouse cunha cea no casal do Centro Ourenán, ao irmán Antón Gómez, vello loitador nas fras do galeguismo na Arxentina.

E agasallo, que foi ofrescido polos irmáns da Directiva da Irmandade Galega e amigos, foi so gallo dunhas vacación nas suas tarefas de tesoureiro da entidade, cárrago que ven desempeñando ininterrumpidamente perante unha longa xeira d' anos, podendo dicir, que o irmán Gómez consistenciaouse de tal xeito coa delicada misión de depositario dos caudáis do galeguismo que o seu posto resisten sen discusión perante longos anos todolos períodos amais de renovación de C. Directiva.

Aos postres, fixeron uso da verba, e doutor Fiz Fernández, presidente da Irmandade Galega; Don Manuel Puente e Antón Alonso Ríos segretario do Consello de Galiza, quienes puxeron de releve a persoalidade do agasalado, a súa probada capacidade na traballo na misión d'administrador da economía da Irmandade e o seu fondo sentimento de galego, e afuzado loitador a prol da liberdade de Galiza.

O deutor Ramón Rey Baltar, director de A NOSA TERRA, adiculle ao agasalado, un gracioso verso en estilo "Verduguillo", que foi acollido con noita simpatía pol-os asistentes.

Finalmente, falou Antón Gómez, comezando por agradecer aos presentes e agasallo de que o facían auxeto, pronunciando a continuación un vibrante discurso d'affirmación patriótica galega que foi acollido con afervoados aprausos pol-os asistentes.

## "ADIANTE"

VOCEIRO DAS MOCEDADES

Unha voz varil, enteira e patriótica constituíu sen dúbida o voceiro das mocedades galeguistas "Adiante" cuílo primeiro número acaba de sair do prelo.

Refléxanse nas súas páxinas todas as nobles inqueanzas patrióticas das mozas e mozos gallegos arxentinos, que saben responder ao chamado do deber que xurde nos seus espíritos mozos e polo tanto xenerosos ditados po la voz telurica da raza.

Contén "Adiante" unha ringleira de magníficos artigos que amostan, ademais dunha elegancia idiomática destacável, a máis outa fidelidade coa ortodoxia galeguista.

Felicítamos aos rapaces das mocedades polo acerto e dinamismo que veñen amostrando no desenrolo do seu labor encol dos dereitos da nosa Patria e animámolos a perseverar nunha acción da que tanto cabe agardar.

## EDICION DAS OBRAS DE CASTELAO

Un acontecemento de gran importancia no aicionar da cultura do noso país e o que remanece do acorrido que derradeiramente tomou a Comisión de Cultura do Centro Galego, aprobado pola Xunta Directiva, de reimprensar toda a produción artística, literaria, arqueológica, etc. de Castelao.

Non é pra ningún un segredo a total imposibilidade que existe de conquistar caseque todas as obras do mestre desaparecido, xa que as mesmas foron sucesivamente esgotándose ao pouco tempo de ir en saindo do prelo.

Emporiso que o acordo de Centro Galego ven encher unha verdadeira necesidade, a de pór ao alcance dos galegos, en particular, e dos que sin selo non iforan a outa valoración artística literaria humana e patriótica de Castelao, os requintados froitos do xenio artístico patriótico do mestre da galeguidade. Práccemos testemuñar públicamente á Comisión de Cultura do Centro Galego as nosas máis sinceras felicitacións, non somentes polo acordo que comentamos, senon pola meritoria e patriótica labor, que dende fai algunos anos ven desenrolando, que tivo a virtude de que lle dar verdadeira xerarquia, non somentes ao Centro Galego, senon a toda a colectividade.



SEGUN O DOUTOR MARAÑON, na Hespaña non hai ober... As dúas guerras europeas e a civil hespañola, impuxo aos hespañoles un novo tipo d'alimentación... (?)

O doutor Marañón dis a verdade, mais non toda. Efectivamente, na Hespaña de Falanxe non s'atopa un gordo nen coa linterna de Dióxenes, mais acreremos: nas crases traballadoras, porque meus amiguiños, hai que ver cómo papan, e de qué xeito, os adineirados com. riantes, industriais, militares, enchufados, cregos, etc., etc., e cómo lles loce e bandullo... e sinón, vede a Paco qué redondioño e freboso s'amostra...

En canto ás crases homildes, meus probes!... Como pra que lle medre o bandullo co aiuno forzado de dazasete anos que levan aútre peito i espalda...

OS FALANXISTAS ORGAIZARON na península unha traboada de manifestacións estudentis antibritánicas por mor da anuzada visita da reina Sabela d'Inglaterra ao tan meneado Peñón de Xibraltar, e o asunto déuselle volta convertíndose de manifestacións antibritánicas, en anti-falanxistas, cisixindo a berros, a renunza de pronomes de réxime e Liberdade de prensa.

A teima do franquismo era distraguer a fame do povo e acachar cunha cortina de fume a entrega das bases estratéxicas ao militarismo norteamericán, e fracasoulles...

SEGUN DON BRAULIO o do "Nuevo Correo", téimase orgaizar na colectividade, unha protesta polo asunto do Peñón de Xibraltar, que será elevada a Londres ou á U.N., mais pra elo, non terán en conta aos "comunistas, separatistas y demás rojillos"...

Moitas gracias, en nome dos separatistas galegos, Don Braulio, moitas gracias...

OS "RABANITOS" SEGUEN machacando coa "Unidade de todos los hespañoles pra salvar a Hespaña", e abofé que hailles que ademirar a sua tozudés.

Ninguén os escoita, ninguén os ten en conta, ninguén lles fai caso, mais eles, ¡firmes! na súa teima de continuar a Historia d'Hespaña...

Mais é, que na súa torpe tozudés, os "rabanitos" hespañoles son fideles ás características mozarabes que os adornan: "Sostenella e non emmendalla", reza a bárbara e torpe máisima que levou a esa probe Hespaña aos maores desastres e ao ridículo universal.

Xaquín Costa, un dos poucos hespañoles que viron con errida de a traxedia d'Hespaña, dixu que o hespañol decote incide nos seus erros...

Emporiso que non nos eistrana a tozude ostrogoda deste feixe de "rabanitos" hespañoles que a guerra civil apulou a estas praes.

A súa chegada, atoparonse cunhas colectividades — a galega, a vasca e a catalana — orgaizadas e de fondísimo sentimento republicán probado doadamente nas tarefas d'axuda a Hespaña leal, cando a guerra civil, e cunha colectividade hespañola raquítea, acarranchaperas na da cancela, cun pé en chan franquista e o outro en Madrid... (Oxé todas as entidades hespañolas, estan con Falanxe, namentras que as colectividades galega, vasca e catalana, estan onde estaban no 36.

NATURALMENTE QUE TODO isto que non pasaría do anecdótico, ten a súa cara fea, i é, que os condenados "rabanitos" hespañoles na súa teima de salvar a Hespaña (os hespañoles decote falan de salvar a Hespaña), chantáronse nun dos meirandes eidos da nosa colectividade de grande historial galeguista e republicán — referímonos a Federación de Sociedades Galegas — e pra elo, non faltaron os "quislins" que lles abriaron a cancela, uns, digamos a verdade, de puro mamalóns, e os outros, de xudas...

ENDEBEN E MESTER, que os federados que seguen sendo leais aos principios galeguistas e republicáns que decote guiau a masa federada, sepoña n'á tarefa de chimpas fora da Federación aos "quislins" e aos "rabanitos" hespañoles que a teñen meiatizada e que usan o seu voceiro "Galicia" e o prestixio dainstitución como pivote pra os seus escuros fins reazonarios, centralistas e hespañoleiros.

En verdade, un non pode por menos de preguntarse: si estes "rabanitos" foran realmente republicáns e democratas, porqué na súa condición d'hespañoles non se liscan a republicanizar aos seus compatriotas? Porque abofé que boa falla lles fai.

De calisquera xeito, por si andan despistados, imolle dar aos "rabanitos", un feixe d'entidades hespañolas — toda a colectividade hispana — que concurreu ao Club Español a agasallar cunha cea ao ministro da Embaixada franquista Sr. Miguel Sáinz Llinos.

Vel-as aí van:  
"Hospital Español; Asoc. Española de Soc. Mutuos; Club Español, Asoc. Patriótica Española; Institución Cultural Española; Cámara Española de Comercio; Hospital Gallego; Club Andalucía; Hogar Andaluz; Círculo de Aragón; Club Archipiélago Canario; Hogar de Ancias nos Asturias; Agrupación Asturias; Centro Avila; Centro Burgales; Centro Región Leonesa; Centro Madrid; Centro Montañés; Centro Navarra; Centro Numancia; Centro Riojano Español; Centro Salamanca; Centro Valenciano "El Turia".

¡Ah! Esqueciamonos da Santa Casa da rúa San Xosé mais quem repara nun gran de milla serodio? Regálámollas aos "rabanitos", e que s'empachen...

Conque, meus amiguiños, a ver si vos pondeis de cheo a traballar no voso, na vosa colectividade de xeito de republicanizala, porque é inof cómodo falar de "Unidad de todos los españoles" sen hespañoles, e que viría sendo algo así, como pretender papar guiso de lebre sen lebre...

LORENZO FRAGOSO

# Convocatoria

En Belgrano 2186, pra o vernos 2 d'Abril ás 21 horas, convócanse aos socios da Irmandade Galega, co gallo de celebrar Asamblea Xeneral Ordinaria, na que se ten de tratar o seguinte: ORDE DO DIA:

Eleición dun presidente pra presidir a Asamblea e dous asambleístas pra firmar a aita.

Consideración da Memoria e Balance.

Eleición de 10 membros de Comisión Directiva e 20 membros do Consello Ourentador.

Asuntos varios.

# AITOS EN HOMENAXE A CASTELAO

## No Centro Republicano Español No Centro Ourenés

Un sentido homaxe rindeu o día 9 do mes próximo pasado ao noso guieiro o mencionado Centro, co gallo de incorporar un retrato de tan ilustre repúblico a súa galería de personalidades.

O retrato, donado polo Sr. Manuel Puente, foi colocado no salón de conferencias da entidade. Durante a cerimonia estivo orlado polas bandeiras argentina, galega e hespañola republicana.

Concorreu ao aito gran cantidade de persoas, entre elas representacións de sociedades amigas e delegados das colectividades vasca e catalana.

### ADHESIONS

Moitas adhesións foron recibidas, entre as caes cabe destacar a do delegado do goberno da República Hespañola na Arxentina, doutor Manuel Blasco Garzón e do doutor Augusto Barcia, quen dende Mar del Plata enviou unhas espresivas liñas, e as dos Centros Ourenés, Pontevedrés, Betanzos, Casa de Castilla, Residentes de Porriño, A B C de Corcubión, Agrupacións "A Terra" e "Celta" pro Centro Galego, Irmandade Galega e Federación de Sociedades Democráticas Españolas na Arxentina. Seguidamente o Sr. Manuel Puente procedeu a descubrir o retrato do noso gran político, no medio dos aprausos da concurrencia.

### VERBAS DO DR. CARRANZA

A continuación, polo Centro Republicano, falou o doutor Carlos P. Carranza, quen sinalou, primeiramente, a adhesión total da colectividade democrática hespañola ao homaxe que o citado Centro fende á esgrevia figura de Castelao, ao incorporar a súa efixe á galería de personalidades hispanas representativas dos anxeios de progreso, xustiza e liberdade humán.

Máis adiante o doutor Carranza elalton a obra galeguista de Castelao, quen procurou ehaitecer á súa Terra e consolidar o espírito das demáis rexións hespañolas dentro da comunidade nacional. Galiza — afirmou — é un povo con vontade de cooperación, con ansias de vida ceibe e que tivo que estar sometida como rexión cenicienta.

Censurou o doutor Carranza a política unificadora dos Reis Católicos, forxadores dun Estado dende riba, con coacción. Fernando e Isabel — dixo — abateron a verdadeira Hespania, sen buscar a unidade na armonía e na liberdade, na convivencia, senon impondo a vontade dinástica.

Derradeiramente, elalton os sentimentos republicanos de Castelao, compatíbeis co seu acendrado galeguismo. Castelao buscaba a creación da nazionalidade galega sen detrimento

### NO PANTLON DO CENTRO GALLEGO

O Centro Galego de Bós Ares a máisima entidade da nosa colectividade, composta por 100.000 asociados, tributoulle a Castelao o seu homaxe no 4º cabo de ano do seu pasamento. O aito levouse a cabo no Pantelón social da Chacarita, na mañán do día 7 de xaneiro. Concorriron ao aito o segredario e outros membros do Consello de Galiza, as autoridades en xeral da entidade organizadora integradas pola Xunta Directiva, Consello de Apelacións e Comisión de Cultura, asistindo ademáis un número considerable de asociados. Fíxose garda de honor un fato de enfermeiras do Sanatorio Social uniformadas.

Pronunciou un sentido discurso o Vice Presidente en exercicio, Don Daniel Calzado, que elalton a figura de Castelao e pondo de relevo a súa significación que pola súa obra de patriota exemplar tenpra Galiza, imponlle ás autoridades do Centro Galego o deber de lembralo e testemuñarlle o seu homaxe, consistente nunha ofrenda floral.

Após das verbas do Sr. Calzado, tuda a concurrencia, precedida polas autoridades do Centro Galego e o corpo de enfermeiras, trasladouse perante o sarteiro onde repousan os restos do esgrevio patriota desaparecido, pra lle tributar un selandeiro homaxe, acugulado de fonda emocións.

da República Hespañola, da que foi paladín esforzado.

Moitos aprausos premiaron os coentes do doutor Carranza.

### DISCURSO DO DOUTOR R. REY BALTAR

No nome da colectividade galega, falou o doutor Rey Baltar, quen iniciou o seu discurso elaltondo as múltiples facetas de Castelao: artista, literato, dramaturgo político, investigador; pero que soio se iba a referir a unha delas "a única que se discute — dixo — e que é para nós a fundamental e a que máis nos interesa destacar: a súa situación política".

"Para nós, os galeguistas — agregou — Castelao non é un político máis, que con maior ou menor fortuna haxa brillado entre os seus contemporáns; Castelao é a espresión fel da nosa patria, Galiza. Como ela, sofreu os aldraxes e os escarños dos fariseos. Como ela, ao tsaveso dos séculos, el paseou polo mundo a súa door, a súa intensa door, que se fixo carne na súa carne, e penetrou tan fondo no seu espírito, que se produxo como unha transubstanciación entre as súas doores e os da súa amada

Terra, confundíndese os dous nun soio, inmenso, que culminou nos derradeiros anos da súa vida". Foi Castelao, no sentir do orador, o galego meirande de todas as épocas.

Resenou a continuación a iniciación política de Castelao nos comenzos do século. Describiu a vida española de entóns e as situacións de Castelao, para combater o caciquismo imperante nos povos de Padrón e Rianxo, mediante a edición de "El Barbero Municipal", semanario que, baixo a dirección do veterano periodista Arcos Moldes, "afeitaba en seco aos caciques". Nese semanario coloararon Castelao, Eduardo Dieste e o orador.

Historiou a vida política de Castelao dendes que formou parte das Irmandades da Fala até os momentos da proclamación da República, en que foi elixido deputado pola provincia de Pontevedra. Relatou as loitas que Castelao sostivo no Parlamento a prol das liberdades de Galiza, diante da incompresión e a indiferencia, senón a complicidade, de ministros representantes da nosa Terra. "Aldraxados polos nosos inimigos e traicionados polos nosos propios irmáns" — di o orador —, agregando: "Múltiples exemplos poderían citar para a xustificación da amargura de Castelao e do desprezo que na súa alma se iba xuntando cara aquelas xentes infatuadas, que tiñan a mesma cegueira dos políticos que acababan de ser despiadados polo movemento liberador do 14 de Abril. De admirar é a paciencia de Castelao, que soio un inmenso amor a Galiza e unha gran fe no porvir do seu povo poden espricar.

Aludeu logo aos desterros sufridos por Castelao, o primeiro deles na propia Hespania, durante o período Lerroux-Gil Robles, cando foi confinado na capital extremeña, Badajoz, "froitifera Tebaida para o espírito de Castelao, no que empezan a frorecer as ideas que ao cabo dos anos irían desenrolando". Logo detallou as peregrinacións de Castelao polo mundo, coa cruz ao lombo, até alcanzar a plea madurez de pensamento no seu libro inmortal "Sempre en Galiza", "evanxeo do galeguismo e obra maestra do idioma galego".

Puntualizou a situación de Castelao perante a guerra civil e os seus máis dibuxos, que chamaron a atención do mundo sobre os crimes feixistas.

Falou das intrigas que os políticos inimigos das autonomías, en especial da de Galiza, texían para que o noso Estatuto non fora tido en conta, chegando até intentar facelo desaparecer. Contou como Castelao, valéndose de boas amizades e invocando o espírito de Montero Ríos, desfixo todas esas intrigas, conseguindo que o noso Estatuto, que xa se daba por perdido nas esferas oficiais, fora atopado en Madrid e leído en Barcelona na sesión de Cortes celebrada o día 1º de febreiro de 1938 en Monserrat, ante o asombro dos assembleístas.

"Ainda me dura — di Castelao — o que ví e oví na sesión de Monserrat. Algúns deputados, que votaron o Estatuto catalán nas Cortes Constituintes e o vasco na sesión do 1º de Outubro do 1936, estoupaban de carraxe cando se leu o noso. Nas caras do goberno — agás dos ministros de Cataluña e Euzcadi — estereotipábase o mal humor. Un sonado parlamentario saíu da sesión coas mans na cabeza, berrando a todo berrar: "¡Otro Estatuto! ¡Otro Estatuto!". Certo diputado galego disculpábase en roda de compañeiros, xurando que el non tiña culpa... O vello D. Manuel Portela Valladares pasou á miña veira, olloume con malicia e díxome con agarimo: "Sain lle ben a xogada, eh?". Eu respondílle con cara de risa: "Non fun eu; foi Montero Ríos".

"É posíbel — continúa o orador — señores que me escoitades e que creedes aínda na bondade daquela República e na boa fe das persoas que a dirixiron, que non teñades un sentimento de vergonza que os faga repudiar todo o mal que se lle fixo a Galiza, sin razón de ningunha cras, tan soio polo o prucito de despreciala, vingando cecáis nela todo o

Proporcións outamente significativas acadou o aito orgaizado polo-a Comisión Intersocietaria na noite do día 7 de xaneiro, no casal do Centro Ourenés, que cortou curraha numerosa concurrencia de galegos e coa presenza de significativas representacións de distintos orgaismos vascos e cataláns.

Despós de oírse o himno galego, que a concurrencia escoitou de pé con afervado sentimento, o segredario da Comisión Intersocietaria, señor Fernando Iglesias, dou leitura ás numerosas adhesións recibidas de personalidades e entidades galegas da Arxentina e do eistranxeiro, e a continuación usou da verba o Presidente da devandita Comisión, señor Cándido González, quen despós de destacar o significado do aito fixo unha notable elalton da figura de Castelao e da súa gravitación a través do tempo na acción da colectividade galega. Chamou a atención sobre os sinuosos procederes e intencións pouco craras que decote se insinúan en altitudes de certas persoas que actúan no seo da colectividade, para contrastalas co recto e claro pensamento de Castelao, que inspirará sempre ao noso povo en todas as súas accións, e que non tolerará interpretacións oportunistas nin falseamentos mal intencionados. Terminou decindo que co pensamento de Castelao por norte, a colectividade galega de Bós Aires ten unhas rante labours que realizar a prol da Terra e non lle faltarán azos para facela, nin xilancía para impedir que as súas inquedanzas se vexan desvirtuadas.

A continuación fixo uso da verba a irmán Manuel Pedreira, Segredario da Irmandade Galega, quen fixo un análisis da personalidade de Castelao, a figura de meirandes proieccións na historia de Galiza, entre as nutridas ríngueiras de galegos que dende os Precurosos venen adicando a súa vida e o seu pensamento ao rexurdio da Terra.

"Castelao — dixo — é o grande artífice na nobre tarefa de dar unha firme eistructura política á renascencia que se ven operando no noso povo, e elo foi posíbel porque Castelao sentía fondaamente a Galiza e viviu identificado co seu povo. Chega ao cerne do noso povo e vive con toda a intensidade todos e cada un dos seus problemas, sinte todo o peso deles e toda a súa acción deformadora perante séculos; d-este xeito elabora creacións que traspoñen os límites de simples interpretacións para trocarse en pensamentos orientadores do noso povo".

Destacou o sentimento de liberdade que bule en todas as manifestacións do povo galego e a resoancia que tal sentimento adquire en Castelao, cecáis o refreixado máis nididamente en todo o seu pensamento. Por eso o seu repudio do feixismo non é soio unha acusación contra a súa sanguineta persecución e os aseñiados de milleiros de bós galegos; elo é unha ferida máis fonda, que sinte no mesmo cerne da súa alma, na súa concepción galega da vida, ledizosa, comprensiva, tolerante... Eixempro que contrasta fortemente coas concesións dos que se van deixando en-

que Cataluña e Euzcadi habían conseguido, contrariando o espírito unitario e centralista que animou dende un principio ás Cortes Constituintes? ¿Podemos os galegos, despós de coñecer todas as nauseabundas manobras contra dos nosos anxeios, aceptar un novo convenio que nos entregue atados de pés e mans, á mercede dos mesmos homes que nos traizoaron? ¿Con qué razón nos chamamos "antipatria" os que sempre nos empuxaron hacia o separatismo? ¿Pero é creíbel que haxa un soio de nós que non-o sexa? Aldraxados, veixados, despreciados, somos os hespañoles de terceira, que nos dispensan a esmola da tolerancia que otorga o señor ao seu criado. Nou, hespañoles que me escoitades; non é o odio o que nos move; é a amargura que vimos soportando dende fai séculos, sen a menor comprensión, sen o máis mínimo desexo de buscar un acercamento sincero, sen

(Continúa na pág. 4)

gaiolar polas súas engañifas e esquecen o deber ineludible de manter acesos os principios que son esencia mesma do noso povo.

Referiuse logo á privilexiada alma de artista que bule en Castelao e como ela, denantes que un ouxetivo de ideal estético, supo buscar a identificación co seu povo para facer da súa vida unha loita constante, condenando a inxusticia, atacando ao caciquismo, bulíndose da cobiza humán, esperando a concencia cidadán. Castelao abrazou así a política cos máis nidios propósitos e frente aos que pretenden desvirtuar a súa acción en este senso, o orador recorda que xa Castelao en vida fustigou a esacras de conselleiros, e non estará demáis lembralo cada vegada, cando aparece algún que, circuido d-unha suposta superxilencia, pretende desdoblar a personalidade do artista e do político, como se as súas creacións artísticas e o seu pensamento político non responderan ao mesmo móbil, ao mesmo sentimento; non tiveran o mesmo lengoaxe, a mesma forza e o mesmo significado.

Finalmente, destacou o grado de madurez que en Bós Aires acadou o pensamento político de Castelao, como se lonxe da Terra se concentrara para penetrar máis fondo no espírito do noso povo e na fraxedios dos seus problemas. Fai notar a pouca fortuna de Galiza ao non poder aproveitar doadamente estos derradeiros intres da vida e da acción de Castelao, con un povo afervado e o guieiro ideal lonxe da terra, cando as súas ensinanzas podían facer vibrar a toda Galiza nos seus anxeios de liberdade e redención. E fina decindo que non todo está perdido, que os galegos de espírito ceibe teñen unha grande manda histórica que cumprir e un grande tesouro que espallar: Gardar en toda a súa pureza a preciosa semente das ideas do grande guieiro Castelao en espera do intre non lonxán en que froitifiquen nunha grande e fermosa xermolación na Terra ben querida.

Fechando o aito falou o Segredario do Consello de Galiza, irmán Antón Alonso Ríos, quen fixo unha belida elalton de Galiza, dos seus anxeios nacionais, da súa loita pola liberdade e do lugar eistrordinario que Castelao ocupa no movemento de rexurdio galego. Pasou vista a distintas etapas da nosa historia, da influencia europea que nos chega polo camiño de Sant-Iago e da irradiación da nosa cultura a eses países a través da corrente ininterrompida das pelgríns que traen e levan ideas, inquedanzas e innovacións.

Pasa revista aos máis importantes feitos históricos dos povos hespañoles e destaca a eistrordinaria aportación do povo galego, da súa secular preterición polo Estado hespañol, da falsa información que se tivo sempre d-esa contribución nosa a formación de Iberia, e do mister de xurdir d-esa postergación coa vontade colectiva do noso povo, gardián dos atributos da nazionalidade, que espera nun futuro próximo acadar novos días de gloria gracias ao cultivo da súa personalidade e das forzas potenciales do seu espírito.

### NA AUDICION "LA VOZ DE GALICIA"

A prestixiosa e patriótica audición galega "La Voz de Galicia", que pola onda de Radio Antártida española os lúns e xoves, de 21 a 21.30 horas, tributoulle o día 7 do derradeiro mes de xaneiro un homaxe a Castelao co gallo de se cumprir un novo cabo de ano do seu pasamento, Nisa oportunidade, o seu director o Sr. Fernando Iglesias, lembrou con emocionadas verbas a esgrevia personalidade de Castelao, faguendo oír de contado a voce impresa do patriota desaparecido. Logo das conceituosas verbas do Sr. Iglesias, o Presidente das Mocidades Galeguistas, Sr. Antón Santamarina, ofrecelle a Castelao o afervado homaxe da patriótica entidade que preside, elaltondo con xusta e precisa eloquencia a trascendencia patriótica da obra de Castelao.

## Aito das Mocidades

Entre os diversos aitos conque a nosa colectividade, honrou este ano a esgrevia figura do gran patriota Castelao, acadou destacada significación, pola delicada emotividade patriótica que o caracterizou, o que o día 3 de Xaneiro lle ofreceron as Mocidades Galeguistas, no pantelón do Centro Galego, no Cimiterio da Chacarita, onde repousan seus restos. Perante unha concurrencia pouco común polo numerosa, dou comenzo o aito coa interpretación do Hino Galego por unha concunción dos coros da nosa colectividade "Os Rumorosos", "Brétemas e Raiolas", "Castelao" e "Rosalia de Castro"; dirixidos polo mestre Calros López García, sendo ademáis acompañados pola concurrencia, o que lle proporcionou unha especial solemnidade. Após da nosa canción patria, o Sr. Calros Abreira, segredario das Mocidades, presentou ao Sr. Antón Santamarina, quen, en breves palabras, explicou os alcances e significación do homaxe. Aseguido, a Srta. Adelina González Doval pronunciou unha emocionante e belida oración fúnebre d-acaí estragamos os seguintes freitos:

"Castelao, irmán noso, ao cumprirse un novo aniversario da tua morte, as Mocidades Galeguistas xunguense ao redor do teu xacigo pra che adicar un sinxelo a afervado homaxe".

"Castelao, encarnazón de Galiza, guieiro noso; as verbas bellidas xa foron ditas no teu lauvor por homes insines e a tua grandeira significanza non é mester notala, pois xa latexa fortemente nos peitos de todosos galegos. Emporiso, soio me compre ofrecerche unhas floríñas a nome da muller galega que tixeche inmorrente e a nome das Mocidades Galeguistas que labouran a prol de Galiza, levando nos beizos o teu nome que aínda é bandeira de loita e xa coma un hino trunfal".

Presa da fonda emoción producida polas verbas da Srta. Adelina, os concurrentes trasladáronse perante o sarteiro onde repousan os restos do guieiro desaparecido, co gallo de colocar unha ofrenda floral, gardando nise intre un solene e respetoso silencio, co que dou remates iste aito cheo de fonda e patriótica significación.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA (NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos, forzá, forzá, forzá grillos... EDOARDO PONDAL

Ano XXXV - Núm. 488

Bós Aires, 16 de Febreiro de 1954

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

VERBAS DE CASTELAO

Sendo galegista podemos esquecer xenerosamente o que pasou, pero a condición de que non volva a pasar. Unha sumisión ao pasado...

entranas graníticas do noso chan. A tradición non é a historia. A tradición é a eternidade.

Pedimos que a nosa Terra sexa nosa. Porque somos fillos dela. Porque ninguén máis pode gobernalas. Porque ninguén máis pode cumprir a súa misión histórica.

Porque levamos o seu nome polo mundo adiante. Porque queremos cumprir a proximidade manda dos nosos irmáns: os que deron a vida pola liberdade.

A nosa Terra é noso. Xa se ten dito moitas veces. Mais agora decímono nós, os desterrados. Decímono en nome de moitos miles de galegos que andan polo mundo.

A nosa Terra é nosa. Nada máis que nosa. Porque somos os únicos capaces de darlle luz a súa noite, pan as súas demandas, dignidade a súa vida.

A nosa Terra é nosa. De quen máis podía ser? Dos que a aldraxan? Dos que lle negan a fala e o pensamento? Dos que a encadean? Dos que a rouban? Dos que asesinan aos seus fillos máis queridos?

Hai galegos tan amantes do seu terrón orixinario que despois de emigraren, empurrados pola necesidade, retornan atraguidos pola querenza, coa mesma ledicia que sienten os cabalos cando retornan a corte...

Pero cando chegan de volta sintense defraudados, por atopar casas novas, luz eléctrica e xente ben vestida. Quixeran non atopar ali nada que viron de bó nos mundos ailleos, para seren eles os importadores do progreso...

Para eles a Terra é o berce onde nasceron, e engrandéceno até o punto de chamarlle Hespaña. Ali cantan os páxaros mellor que en ningures e a lúa ten máis laridade. Ali d'isso o mellor pan, o mellor viño, a mellor auga e o mellor leite. Ali as festas madrugan con aboradas de gaita. Para eles a Terra é tan pequena que aínda non pod chamars Patria, anque o amor que lles inspira sexa fundamental para un auténtico patriotismo.

En torques para nós, os galeguistas, a Terra é tan grande, na súa extensión e na súa profundidade, que non abondan os días de unha vida para coñecela; e amámola tanto que soio pensamos en facer dela unha Patria feliz.

Quiero iniciar esta tarefa c-unha profesión de fe - intuición de glorias futuras - non basada, certamente, en feitos recopilados. Eu renego da historia de Galiza, porque o pasado soio nos deixou desilusións de vida e nin tansiquera sabemos cal foi o seu mellor propósito. O miragre da existencia diferenciada de Galiza, a través de tantos erros e miserias históricas, proba que do chan galego xurde unha enerxía incoercible, capaz de facernos inmortais. Eu, polo tanto, confío na soberanía natural de Galiza, que soio

agarda por unha terna vontade colectiva para facerse respetar. A nosa autonomía moral é insobornable e intransferible, e día virá en que sexa proclamada victoriosamente. E claro está que renego do pasado, porque o feito diferencial de Galiza xa supera, na conciencia e na vontade política dos galegos de hoxe, a todos os feitos rexistrados na súa historia. Eu soio confío no poder máximo da terra e no porvir que presentimos a través da nosa fe.

O ser nacional de Galiza era poderoso e tiña folgas de sobra para imporse ao resto de Hespaña; pero no ánimo dos nobres e na testa eclesiástica de Sant.lago soio medraban os egoísmos de caste, e por eles Galiza cometeu grandes desvarios e estivo a pique de morrer aspillada. Afortunadamente contábase cos poderes máxicos da Terra e do povo, que fixeron posible a recuperación da nosa nacionalidade. Certo que es nobres usurparan a mesma soberanía real até o punto de cobrar impostos, que despois se trocaban en rendas forase; pero d'este xeito os cautos vasallos fixéronse libres e capaces de liberaren do cautiverio as terras que traballaban; e hoxe os bens dos señores están en poder dos labregos. Así, pois, as

aparentes endeblezas con que figura o povo galego nas crónicas escritas a xornal, fican d-abondo desmentidas polos avances sociais a que chegou o noso país. ¿Eisiste acaso en Hespaña outro povo capaz de facer unha revolución semellente a dos irmandeiros do século XV? ¿Hai no centro e sul da Península algún povo máis "macho" que o noso? Pois agora maxinemos aos nobres de Galiza aficándose no instinto vital do povo e aproveitando as súas enerxías, tal é como absorberon o xenio poético vulgar para superarlo en trobas insuperables: ¿Qué grande sería Galiza! ¿Qué grande sería hoxe Hespaña!

O catador galego non se sentirá orgulloso ao saber que na sepultura do irmán de Irés e de Xohana de Castro cumba este epitafio: "Aquí yace toda a Halia de España". Lealdad insuperable - eso é certo; pero lealdade de can. E o catador da nosa historia folleará todas as súas páxinas e despois procurará esquecer o pasado; pero hai algo que non poderá esquecer: a deslealdade con que os casteláns pro-cederon contra Galiza. Deslealdade que se prolongou até os nosos días e que reverdece con tanta en cantos nos consentimos.

Galiza é unha nacionalidade, e como tal foi recoñecida en Berna, polo IX Congreso das Minorías Nacionais Europeas, adscrito a Sociedade das Nacións. Tamén está recoñecida pola Tercera Internacional como nación soballada. Pero hai galegos antiflexibilistas que aínda non saben e hainos que non o queren creer...

Para saber o que é unha nación, como anexo do Estado, non vou entrar na selva xurídica de ningún profesor - poño por caso de mestres a Duguit -, porque a nación é un feito e non unha idea, un ser real e non un ente problemático.

Galiza é a mellor esquina do solar hispánico, cabo do mundo antigo e avanzada de Europa no mar inmenso da liberdade. A arquitectura barroca do noso chan, labrada en pedra granítica, está sempre coberta por un manto de zagoso verdor. Os montes son redondos como peitos de muller e as serras son como lombos de boi cebado. Os vals son ledos e farturosos. O mar tolea de carraxe cando non o deixan pe-netrar na terra; pero cando entra, quedase adormecido no leito das rías. Galiza é unha unidade territorial armónica, de formas e coor-perfectamente diferenciada do resto de Hespaña.

TEATRO GALEGO

Na súa do "Grand Splendid" desta capital, debutou o 22 xaneiro p. dco., a Compañía de Arte Folklórico Galego que baixo a dirección do excelente actor Fernando Iglesias (Tacholas) acadou un sinalado éxito de público e crítica, pondo en escea "Estebo na Corredoiira", de Xavier Prado Lameiro, e o "Zogueiro de Vilaboa", de Alfredo Nan de Allariz.

A posta en escea destas dúas obras do teatro galego, de trama sinxela mais ategada, dun agudo humor, desenrólase no ambiente rural da nosa terra tendo por teima, a crítica de pintorescos persoaxes locais e d'emigrantes que, ao voltaren aos seus eidos nativos, fan o ridículo máis pavoroso ao pretender haberen esquecido o idioma e costumes da terra.

Aprel da laboura dos actores, compra por de nota, a magnífica actuación de "Tach-las", actor dunha grande "vis" cómica e que nos sorprende gratamente desempañoando con maestría e dominio da escea, persoaxes tan desemeillantes como crego d'aldea que é toda unha creación. En canto a Lito López, este magnífico mozo arxentino, tan consustanciado coas nosas cousas, logrou tan doadamentes chantarse dentro do persoaxe ddo "americano" cun realismo tal, que realiza en gran forma un auténtico "retrato" do referido persoaxe.

Moi corxellos aos papéis que lles comprei interpretar, Antón Cabelas e Alfredo Costek. O "Estebo" que interpretou este xa veterano actor da escea galega, fíxonos retrotaguer a nosa loxana nenez na lembranza do "clásico" parvo d'aldea, ledicia rebuldeira dos riltotes e lada compaixión dos maiores.

Excelente a actuación de Lola Lorenzo e Cermína Moreno que nos amosaron doadas condicións escénicas, e finalmente, merecen lou-banzas a parexa de baile Clotilde Iglesias e Arturo Picauto, que debutaron con maestría magníficas muficiras e tamén Alfonso Costela, que apesares da súa veteranía, soubo puntear como nos seus millores tempos. Moi ben os "gaitel-ros de Bandeira", que deron corido e ledicia a romaxe.

Fal das fias, como xa se anunciou, a Compañía de Arte Folklórico renovou a cartela e pondo en escea, no mesmo Teatro

Grand Splendid, "Por borrachins", de Varela Buxán e o estreno de "O Sobriño", de Lito López e Lavín Echevarría, comedia de trama axil e de accións rídeiras onde os persoaxes son emigrantes galegos radicados en Bos Aires, e que tivo moi boa acollida do público e de crítica, manténdose arestora no cartel.

A todo isto, e bon decir eiqú, que esta é o segundo intento sería a prol do teatro galego nesta grande cidade onde os galegos contamos por centos de milleiros e que, por sobre de todo, dispomos de absoluta liberdade pra facelo podendo realizarse eiqú, o que non se pode facer na nosa patria baixo a persecución do noso idioma e da nosa cultura polo eixecrabel réxime falanxista, mais pra elo, é mester que a colectividade lle preste o seu apoio, que as principais entidades s'interesen polo rexurdimento eiqú, no emigración, do noso teatro e seguros estamos, que moi axiña, este disciplinado conxunto escénico, darános grandes satisfai-cións con meritorios éxitos pra o noso teatro.

No Centro Republicano

(Ven da pax. 3) Vislumbrar o arrepenimento nos nosos inimigos; é a amargura que invade todo o noso ser ao saír da nosa Terra e ver que en todas partes se nos infama e se nos vilpendia, servindo de chaqueta a saineteiros estúpidos e a escritores de mente outusa e sentimentos groseiros; é a amargura que invade a alma de Castelao dende que empeza a situar en Madrid até que chega a Bós Aires... Y esta amargura é a que o fai escramar: "Non é, non, que eu sexa separatista - nin por sentimento, nin por ideoloxía -; pero é o certo que cada vez vexo afondar máis as fronteiras que nos diferencian do resto da Hespaña".

Por último, o doutor Rey Baltar, despois de referirse ás andanzas de Castelao a través de Rusia, Francia e as Américas para terminar en Bós Aires, onde alcanzou a cúspide da súa gloria, dando ao prelo as dúas meirander obras da súa froitífera e marivillosa laboura -

"Sempre en Galiza" e "Cruces de Pedra" - escramo: ¡Ecco homo! Aquí tendes ao home. Exemplo de pureza, de honestidade, de sabiduría, de amor ao seu povo e ao seu ideal, sen unha vacilación, sen un desmaio, coa sinceridade e a modestia dos escolliados, coa firmeza dunha fe insobornable. Para nós, os bós galegos, será sempre o nor-de e guía que marcará o noso rumbo. Néi veremos a verdadeira imaxe da nosa Patria, que a encarnou dun xeito tan milagroso. As súas doores, o seu calvario, o seu martirio, é o que ven sufrindo Galiza dende o día no que a cabeza do Mariscal Pardo de Cela, rolou pola praza de Mondoñedo, segada polo machado do verdugo. O seu nome, como clarín de guerra, sonará para reconquerir a liberdade da nosa Terra escravizada. Pero o seu nome sonará tamén como mensaxe de paz, para os povos irmáns". Subralaron as verbos do doutor Rey Baltar moitos aprausos.

CASTELAO DIBUXANTE

Ven da pax. 1 Galiza, sin que ela implique que o pintor teña de facer laboura galega. Por iso mesmo, nós estableceríamos un deslinde a tal respecto. I é que os problemas da pintura non son soio de índole técnica. Son, tamen, dun orde máis indeterminado, cando o artista non nos quer dar soio unha armónica composición decorativa, sinón un valor máis íntimo; algo da ialma do povo".

Tamaño mérito íballe a estar reservado a un galego que, desgraciadamente, iba a ver tronzada as súas máis caras aspiracións pictóricas na frota da súa xuventude aínda, a causa d'unha doenza ocular. Refíreme a Castelao, ó humorista cáustico que según feliz expresión de Núñez Búa "non facía rir, mais sí sorrir" - o alviscar no trasfondo da súa arte as aispresións máis auténticas do sentimento popular. A dita doenza reduce as súas posibilidades ao dibuxo, mais aínda así a súa personalidade crea unha escola netamente definida por cujos canles desfilan Maside, Torres, Cebreiro... E' que denantes de Castelao, Galiza non produxera caricaturistas ou sinón a calidá no menos estaba ausente, limitándose os creadores a ridiculizar ou pór de manifesto algunha malfadada varzeza ou desgracia física, ou moral, da povo. Por iso o povo en Castelao atopou non un inimigo sinón en troques o mellor seu lápiz foi o bituri que, diseccionando as leras sociais e políticas, procuraba amosar os males que abafan e ennegrecen a vida do labrego ou do mariñeiro galegos. Castelao enxobre encunoiu o seu nome no linaxe máis puro da celebridade, porque entón o seu coazon na tradición e nas realidades do

seu povo. E así no mar non desmerecemente dos artistas galegos é un faro illado que alumea as roitas das novas xeneracións procurando orientar a expresión artística cara da rexa, forte e definida personalidade dunha nova nazon que se ergue no concerto dos povos ceibes, con azos suficientes pra se poder sentar nos torneos internacionais codo con codo cos máis outos representantes da cultura universal.

Castelao foi o máis galego dos pintores, é que se valeu do pincel e do lápiz pra transmitirnos o seu pensamento, sempre enchido de patriotismo exemplar.

Ao estudar o elemento social dun povo, vémosto integrado por unha diversidade de almas vencelladas nun interese común, intrínseco a cuia satisfacción se chega tras perseverante acción en común. Mais tamén vemos que esta acción non é a autodeterminación da sociedade, sinón, máis ben, que esta sociedade é dirixida e orientada sempre por un fillo seu dotado de eixecucional poder creador, un verdadeiro xenio. A veces é un pequeno número de almas escolleitas, verdadeira minoría dirixente a que se atopa en condición superior de capacitación natural pra plasmar no povo a esencia creadora do seu xenio. Cando iste líder é atopado pol-as almas amorfas da sociedade, ésta traballa e colabora precisamente en col dunha evolución progresista, que tardaría en conquistar entregada á súa propia inicitiva. Hoxe o recordo do mestre encende todos os días nos corazóns dos galegos de todo e mandando un altar de devoción e gratidá ao seu exemplo e venerábilos indisolublemente, na sacrosanta leita pola liberación da nosa patria.